

Contratación

BASES PARA CONCERTAR CONVENIOS DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL PARA A REALIZACIÓN DA LIIª EDICIÓN DA FEIRA DO COCIDO DE LALÍN - COLABORACIÓN PARA A DIFUSIÓN DA FEIRA DO COCIDO e COLABORACIÓN ESPECIAL PARA A PRESENTACIÓN DA FEIRA DO COCIDO. (Expte: 4980/2019).

1.- OBXECTO.

O obxecto destas bases é definir características do mecenazgo cultural de cara á LIIª edición da Feira do Cocido de Lalín.

Con esta finalidade o Concello de Lalín, pretende acadar a colaboración empresarial nunha actividade de interese xeral como é a Feira do Cocido de Lalín, un evento que contribúe a dinamizar os sectores produtivos do Concello de Lalín. Deste xeito, a cambio da axuda económica ou subvención ofertada polos colaboradores, o Concello de Lalín, comprométese a difundir a presenza destes na *LIIª Edición da Feira do Cocido de Lalín* na forma que se indica nestas bases.

Para estes efectos subscribíranse os correspondentes convenios de colaboración ou mecenazgo coas empresas colaboradoras que realicen as mellores ofertas de subvención, en relación coas súas modalidades contidas nestas bases.

A Feira do Cocido foi declarada, no ano 1999, “Festa de Interese Turístico de Galicia” e no ano 2010, “Festa de Interese Turístico Nacional”. Este recoñecemento pon de manifesto a extraordinaria difusión da que goza este evento na actualidade.

A través da celebración de convenios de colaboración público-privada preténdese obter unha optimización e mellora dos recursos dispoñibles para a realización deste evento. Trátase de fomentar a expansión dos recursos de financiamento da cultura, con novas fórmulas de colaboración, tendo en conta que este evento constitúe un factor determinante para o desenvolvemento económico e social do Concello de Lalín e supón un campo propicio para a colaboración privada.

Trátase de favorecer a colaboración particular na consecución de fins de interese xeral, en atención e recoñecemento á cada vez maior presenza do sector privado na tarefa de protexer e promover actuacións caracterizadas pola ausencia de ánimo de lucro e cuxa finalidade é de carácter xeral e pública.

2.- CARACTERÍSTICAS DA PRESENCIA DAS EMPRESAS COLABORADORAS.

Establécense dous tipos de colaboración:

Lote 1: Colaboración para a difusión da Feira do Cocido.

Lote 2: Colaboración especial para a Presentación da Feira do Cocido.

Lote 1: Colaboración para a difusión da Feira do Cocido.

Tal e como se indicou no apartado anterior, o Concello de Lalín, a cambio da axuda económica ou subvención ofertada polos colaboradores, para levar a cabo a LIIª Feira do Cocido, comprométese a difundir a presenza como entidade colaboradora dos mesmos en todos os eventos que organice o Concello de Lalín entre o 15 de xaneiro e o 30 de marzo de 2020 e que garden relación coa Feira do Cocido.

A edición da LIIª Feira do Cocido terá lugar o vindeiro 16 de febreiro de 2020.

Deste xeito, o Concello de Lalín comprométese a difundir a participación e colaboración das empresas seleccionadas mediante a difusión da súa imaxe promocional nos seguintes soportes:

Cartelería:

- Cartel da Feira do Cocido.
- Cartel do Mes do Cocido
- Cartel da Matanza Tradicional.
- Programa de man desplegable da Feira do Cocido.
- Dípticos Mes do cocido.
- Anuncios Prensa escrita.
- Folletos, invitacións, entradas, etc, que se editen en relación co evento.
- Soportes dixitais.

Redes sociais e web institucional.

Lonas e rótulos:

- Lonas expositor 3 x 2,25 para eventos varios.
- Expositor tipo roll-up de 1 x 2 para eventos varios.

Establécense un máximo de 15 porcións dentro do espazo destinado aos colaboradores, que se inserirán nos soportes enriba indicados.

A subvención mínima será de 500 euros podéndose ofertar unha subvención maior, sempre a partir dos 500 euros.

No caso de que non se cubran todos os espazos, os sobrantes redistribuiranse entre os colaboradores existentes.

Do mesmo xeito o Concello reservará unha porción, a maiores das 15 iniciais, para aquela entidade que resulte elexida como colaboradora respecto do Lote núm. 2.

Así mesmo, o Concello resérvase o dereito de incluír nos soportes antes citados a



presenza daqueles colaboradores institucionais (entes, organismos ou administracións públicas) cos cales o Concello teña levado a cabo acordos ou convenios na materia, así como doutros colaboradores especiais ou grandes colaboradores.

Lote 2: Colaboración especial para a Presentación da Feira do Cocido.

Entre as actuacións previstas para a vindeira LIIª edición da Feira do Cocido de Lalín atópase a presentación do evento nos centros e áreas comerciais das principais cidades e vilas de Galicia e do Norte de España.

A presentación da Feira do Cocido levarase a cabo en centros ou áreas comerciais das vilas e cidades seleccionadas, co fin de favorecer a afluencia de público e darlle a maior visibilidade posible ao acto.

O Concello aportará todos os medios materiais e humanos para o desenvolvemento da promoción.

Trátase de levar a presentación do evento alén de Lalín, asegurando unha grande repercusión e difusión, tanto do evento gastronómico que se pretende poñer en valor como da firma asociada ao mesmo nesta actividade.

Co fin de levar a cabo esta actividade, solicítase a colaboración empresarial, colaboración que se verá plasmada a través da presenza da entidade colaboradora no stand promocional, podendo o colaborador inserir a súa publicidade no mesmo.

Características da colaboración especial.

- Duración: 1 edición da Feira do Cocido.
- Aportación económica mínima:
 - Edición 2020: 9.500 €.

O Concello resérvase o dereito de incluír a presenza doutros colaboradores especiais ou grandes colaboradores, sempre que este non sexa do mesmo sector comercial.

3.- PROCEDEMENTO PARA A SELECCIÓN DOS COLABORADORES.

As empresas colaboradoras seleccionaranse a través dun proceso aberto, no cal todo empresario interesado poderá presentar unha proposta de colaboración.

4.- PUBLICIDADE, PRAZOS E MODO DE PRESENTACIÓN DAS PROPOSTAS DE COLABORACIÓN.

As propostas deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Lalín, Praza de Galicia núm. 1, Lalín (Pontevedra), **no prazo de dez (10) días naturais** a contar dende o seguinte ao da publicación do anuncio no Perfil do Contratante do Concello

de Lalín. Se o último día do prazo fose inhábil trasladarase ao seguinte día hábil.

Tamén se poderán presentar por calquera dos procedementos establecidos polo artigo 16.4 da *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común e das Administracións Públicas* e o artigo 80 do R.D. 1098/2001 de 12 de outubro, do RXLCSP, agás por correo electrónico.

Cando as proposicións non sexan presentadas no Rexistro Xeral do Concello de Lalín, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío e anunciarlle ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante correo electrónico (fatima.cortizo@lalin.gal) no mesmo día.

Toda a documentación será presentada e redactada nalgún dos idiomas oficiais de Galicia ou, noutro caso, acompañada da súa correspondente tradución xurada polos servizos competentes ou por notario público que dará fe da tradución.

As ofertas deberán axustarse ao previsto nestas Bases e a súa presentación suporá a aceptación polo empresario, sen condicións, do contido da totalidade de todas as cláusulas destas bases, sen salvidade ou reserva ningunha.

5.- DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA A PRESENTAR POLOS INTERESADOS.

Lote 1: Colaboración para a difusión da Feira do Cocido.

Os interesados presentarán **toda a documentación nun sobre** pechado coa inscrición contida no Anexo II.

No interior do sobre incluírase a seguinte documentación:

1º Declaración responsable con arranxo ao Modelo contido no Anexo I.

2º Modelo de proposta de colaboración, con arranxo ao modelo contido no Anexo III.

Lote 2: Colaboración especial para a Presentación da Feira do Cocido.

Os interesados presentarán **toda a documentación nun sobre** pechado coa inscrición contida no Anexo V.

No interior do sobre incluírase a seguinte documentación:

1º Declaración responsable con arranxo ao Modelo contido no Anexo IV.

2º Modelo de proposta de colaboración, con arranxo ao modelo contido no Anexo VI.

4/



Cod. Validación: 5MYPKAKJEMQLRM697HFEKEQW4 | Corrección: <http://lalin.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 13

6.- CRITERIOS DE SELECCIÓN DOS COLABORADORES.

Lote 1: Colaboración para a difusión da Feira do Cocido.

Establécese un único criterio de selección de colaboradores: a mellor subvención ofertada.

Establécese unha subvención mínima de 500 €. Os interesados poderán ofertar unha subvención maior, sempre a partir dos 500 €.

Deste xeito, seleccionaranse as quince ofertas que oferten a subvención de maior importe, colocándose de maior a menor comezando pola de maior importe económico e así sucesivamente.

No caso de se superen as quince ofertas, quedarán excluídas as que queden situadas na orde a partir do número 16.

Así mesmo establecerase unha reserva na que se incluírán as solicitudes que queden situadas a partir do número 16 para o suposto de que non chegara a formalizarse o convenio con algunha das seleccionadas inicialmente.

No suposto de que se produza un empate estarase ao establecido no artigo 147 da LCSP e se subsiste o empate este dirimirase por sorteo.

En todo caso, o Concello resérvase o dereito de admisión respecto daqueles colaboradores cuxo obxecto social ou finalidade comercial non sexa acorde coa promoción do evento.

Lote 2: Colaboración especial para a Presentación da Feira do Cocido.

Establécese un único criterio de selección de colaboradores: a mellor subvención ofertada, tendo en conta a subvención mínima establecida na cláusula núm. 2.

En todo caso, tendo en conta a relevancia que, desde o punto de vista institucional e Turístico ten a Feira do Cocido para o Concello de Lalín (Festa de Interese Turístico Nacional), este resérvase o dereito de admisión respecto daqueles colaboradores cuxos fins comerciais non resulten acordes coa propia Feira ou resulten contrarios aos intereses municipais.

7. PROCEDIMENTO.

Unha vez finalizado o prazo de presentación da documentación administrativa, a

Comisión de Valoración examinará a documentación aportada. Se observase defectos ou omisións subsanables na documentación, comunicarllo vía fax ou a través do correo electrónico, ao interesado, sen prexuízo de que estas circunstancias se fagan públicas a través de anuncios no perfil do contratante do Concello de Lalín, concedéndose un prazo non superior a tres días hábiles para que os solicitantes os corrixan ou emenden ante a Comisión de Valoración.

Do actuado deixarase constancia na acta que necesariamente deberá estenderse.

Unha vez cualificada a documentación e emendados, no seu caso, os defectos ou omisións da documentación, redactarase a listaxe dos colaboradores seleccionados por orde decrecente, excluíndose aqueles interesados que non presenten a documentación completa ou incumplan calquera das bases.

8.- COMISIÓN DE VALORACIÓN.

A Comisión de Valoración estará integrada polos seguintes membros:

PRESIDENTE: Sr. Alcalde (SUPLENTE: Primeira Tenente de Alcalde ou Concelleiro/a en quen delegue)

Vogais:

- O Secretario Xeral. (SUPLENTE: O Secretario Accidental ou funcionario en quen delegue).

- O Interventor. (SUPLENTE: Interventor Accidental ou funcionario en quen delegue)

- O Técnico de Turismo. (SUPLENTE: funcionario en quen delegue)

Secretaria: a Técnica de Contratación.(SUPLENTE: a Administrativa do Departamento de Contratación).

9.- SELECCIÓN DOS COLABORADORES.

A Comisión de Valoración elevaralle á Xunta de Goberno Local a listaxe definitiva de colaboradores admitidos e excluídos para a súa aprobación. Unha vez aprobada, publicitarase no Perfil do Contratante do Concello e notificaraselle aos colaboradores seleccionados para que procedan a asinar o correspondente convenio de colaboración.

10.- OBRIGAS DOS COLABORADORES.

Os colaboradores asumirán as seguintes obrigas en virtude do convenio de colaboración:

- Asinar o convenio nos prazos previstos nestas bases.

- Aboar o importe da subvención no prazo previstos nestas bases.

- Darlle consentimento ao Concello para o uso da súa presenza promocional nos actos e documentos vencellados á Feira do Cocido.

- Responder ás peticións do Concello relativas ao envío de logos ou cuestións análogas con axilidade, posto que existen certas tarefas suxeitas a prazos estrictos de tempo, tales como o envío de anuncios a prensa, a elaboración de lonas e rótulos, etc, que requiren unha resposta áxil.

11.- SINATURA DOS CONVENIOS DE COLABORACIÓN.

Os colaboradores asinarán o correspondente convenio administrativo de colaboración para a difusión publicitaria da LIIª edición da Feira do Cocido de Lalín no prazo máximo de 15 días hábiles a contar desde o seguinte ao da notificación da súa condición de colaborador.

12.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN.

Os colaboradores aboaran o importe da subvención no prazo máximo de 30 días hábiles a contar desde o seguinte ao da sinatura do convenio administrativo. O pagamento realizarase mediante transferencia bancaria no número de conta: ES842080050398311000067 debendo incluír o nome ou razón social do colaborador e o concepto: "Convenios de Colaboración Feira do Cocido 2020".

O Alcalde
José Crespo Iglesias

Revisado e Conforme.
A Técnica de Administración Xeral - Contratación

(Documento asinado electronicamente á marxe)



7/



Cod. Validación: 5MYPKAKJEMQLRM697HFEKEQW4 | Corrección: <http://lalin.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 13

ANEXO I – DECLARACIÓN RESPONSABLE.(Lote 1: Colaboración para a difusión da Feira do Cocido)


Nome da empresa:	DNI	Tfno:
Representante:	DNI	Tfno:
Domicilio a efectos de notificacións:		
Correo electrónico:		
Presentación da empresa: (presentación, descrición do obxecto social, ámbito territorial, etc)		

D./Dñae DNI núm....., en nome propio ou en representación da empresacon CIF núm..... manifesta a súa vontade de participar nas **BASES PARA CONCERTAR CONVENIOS DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL PARA A REALIZACIÓN DA LIIª EDICIÓN DA FEIRA DO COCIDO DE LALÍN - Colaboración para a difusión da Feira do Cocido** e manifesta coñecer e acepta o seu contido.

Así mesmo, declara que son certos todos os datos e documentos presentados no expediente de referencia e que a empresa á que representa, reúne os requisitos de plena capacidade xurídica e de obrar, esixidos pola normativa e que non incorre en ningunha das prohibicións para contratar, sinaladas no artigo 71 da LCSP e que especialmente se atopa ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias, estatais, autonómicas e locais de seguridade social que impoñen as disposicións vixentes e declara non ter causado baixa no IAE durante o presente exercicio económico e que dispón da documentación que así o acredita e se compromete a presentala no suposto de que lle sexa requirida.

Lalín.....de..... de 20..
(sinatura)





Laínkmcero

Contratación



Concello de Lalín

ANEXO II. MODELO DE SOBRE

**DOCUMENTACIÓN PARA PARTICIPAR NAS BASES PARA CONCERTAR
CONVENIOS DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL PARA A REALIZACIÓN DA LIIª
EDICIÓN DA FEIRA DO COCIDO DE LALÍN - *Colaboración para a difusión da
Feira do Cocido.***

Expediente: 4980/2019

Presentado por:.....

Teléfono.....

Fax.....

Enderezo electrónico.

.....de.....20...

(Lugar, data e sinatura)

L

K


M

O

9/



Cod. Validación: 5MYKPAKJEMQLRM697HFEKEQW4 | Corrección: <http://lalin.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 13



Lalínkcero

Contratación



Concello de Lalín

ANEXO III. MODELO DE PROPOSTA DE COLABORACIÓN.

D.....con domicilio en rúa.....núm.....con DNI (ou pasaporte ou documento que o substitúa) núm.....actuando en nome propio (ou en representación de..... DNI ou CIF núm.....e con domicilio en) toma parte nas **BASES PARA CONCERTAR CONVENIOS DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL PARA A REALIZACIÓN DA LIIª EDICIÓN DA FEIRA DO COCIDO DE LALÍN - Colaboración para a difusión da Feira do Cocido** e declara:

1º.- Que ofrece a seguinte subvención :€.

2º.- Que coñece e acepta cantas obrigas se deriven das bases que rexen este expediente e acompaña a documentación esixida nas mesmas e se compromete a presentar toda a que lle sexa requirida.

.....,de.....de 20...

(Asinado e rubricado)

L

K

M

O



10/

Cod. Validación: 5MYPKPAKJEMQLRM697HFEKEQW4 | Corrección: <http://lalin.sedelectronica.gal/>
 Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 13

ANEXO IV – DECLARACIÓN RESPONSABLE.(Lote 2: Colaboración para a Presentación da Feira do Cocido)


Nome da empresa:	DNI	Tfno:
Representante:	DNI	Tfno:
Domicilio a efectos de notificacións:		
Correo electrónico:		
Presentación da empresa: (presentación, descrición do obxecto social, ámbito territorial, etc)		

D./Dnae DNI núm....., en nome propio ou en representación da empresa,con CIF núm..... manifesta a súa vontade de participar nas **BASES PARA CONCERTAR CONVENIOS DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL PARA A REALIZACIÓN DA LIIª EDICIÓN DA FEIRA DO COCIDO DE LALÍN - Colaboración para a Presentación da Feira do Cocido** e manifesta coñecer e acepta o seu contido.

Así mesmo, declara que son certos todos os datos e documentos presentados no expediente de referencia e que a empresa á que representa, reúne os requisitos de plena capacidade xurídica e de obrar, esixidos pola normativa e que non incorre en ningunha das prohibicións para contratar, sinaladas no artigo 71 da LCSP e que especialmente se atopa ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias, estatais, autonómicas e locais de seguridade social que impoñen as disposicións vixentes e declara non ter causado baixa no IAE durante o presente exercicio económico e que dispón da documentación que así o acredita e se compromete a presentala no suposto de que lle sexa requirida.

Lalín.....de..... de 20..
(sinatura)





Lalínkcero

Contratación



Concello de Lalín

ANEXO V. MODELO DE SOBRE

DOCUMENTACIÓN PARA PARTICIPAR NAS BASES PARA CONCERTAR CONVENIOS DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL PARA A REALIZACIÓN DA LIIª EDICIÓN DA FEIRA DO COCIDO DE LALÍN - *Colaboración para a Presentación da Feira do Cocido*

Expediente: 4980/2019

Presentado por:.....

Teléfono.....

Fax.....

Enderezo electrónico.

.....de.....20...

(Lugar, data e sinatura)

L

K

M

O

12/



Cod. Validación: 5MYPKPAKJEMQLRM697HFEKEQW4 | Corrección: <http://lalin.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 13

ANEXO VI. MODELO DE PROPOSTA DE COLABORACIÓN.

D.....con domicilio en rúa.....núm.....con DNI (ou pasaporte ou documento que o substitúa) núm.....actuando en nome propio (ou en representación de..... DNI ou CIF núm.....e con domicilio en) toma parte nas **BASES PARA CONCERTAR CONVENIOS DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL PARA A REALIZACIÓN DA LIIª EDICIÓN DA FEIRA DO COCIDO DE LALÍN - Colaboración para a Presentación da Feira do Cocido** e declara:

1º.- Que ofrece a seguinte subvención :€.

2º.- Que coñece e acepta cantas obrigas se deriven das bases que rexen este expediente e acompaña a documentación esixida nas mesmas e se compromete a presentar toda a que lle sexa requirida.

.....,de.....de 20...

(Asinado e rubricado)